




XII CONCURSO DE

# FOTOGRAFÍA DEPORTIVA



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Departamento de Deportes

1º PREMIO  
**1 000€**  
+ Diploma

2º PREMIO  
**700€**  
+ Diploma

3º PREMIO  
**400€**  
+ Diploma

Máis información

**981 528 730**

## BASES DO CONCURSO

1. O Departamento de Deportes do Concello de Santiago de Compostela convoca un concurso aberto de FOTOGRAFÍA DEPORTIVA, ao que poderán presentarse todos os interesados, comprometéndose expresamente a cumprir estas bases.
2. Cada concursante poderá presentar un **máximo de 3 fotografías** cun **tamaño mínimo de 20x25 centímetros, montadas sobre unha superficie ríxida**, recomendándose que esta teña un tamaño superior ao da propia fotografía. Non se poderán presentar traballos premiados noutros concursos ou certames.

**Cada fotografía terá que presentarse nun sobre independente.** Na parte exterior do sobre deberá figurar o lema ou título da fotografía e o epígrafe "*XII Concurso de Fotografía Deportiva-Concello de Santiago*". No sobre deberase incluír:

- O negativo ou diapositiva correspondente (no caso de fotografía analóxica) ou o arquivo dixital en formato JPEG (no caso de fotografía dixital).
  - Un sobre pechado dentro do cal figure o nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono do concursante.
3. As fotografías deben entregarse nas oficinas do Departamento de Deportes no Estadio Municipal de San Lázaro, porta principal, considerándose como **límite as 14 h. do día 28 de maio de 2008**. Tamén se poden mandar por correo certificado ou mensaxería ao seguinte enderezo:

### **CONCELLO DE SANTIAGO / Departamento de Deportes**

Estadio Municipal de San Lázaro, Porta 1 • Avda. Fernando Casas Novoa, 20 • 15703 Santiago.

Non obstante, advírtese que non se van considerar os envíos por correo que entren no Departamento de Deportes con posterioridade á hora e data da reunión resolutiva do xurado cualificador, prevista para o 29 de maio.

Polo Departamento de Deportes acreditarase documentalmente o día e, no seu caso, a hora de presentación dos traballos, e trasladarase ao rexistro xeral do Concello a relación dos presentados cada día.

4. O xurado cualificador estará presidido polo Concelleiro Delegado de Deportes ou pola persoa en quen delegue, e estará formado por un máximo de 5 persoas, entre as que se atoparán fotógrafos profesionais designados polo devandito Concelleiro. Persoal do Departamento de Deportes realizará as funcións de Secretario/a.
5. A decisión do xurado farase pública o 30 de maio.
6. A concesión dos premios implica a cesión das obras premiadas e os seus dereitos de reprodución e utilización ao Concello de Santiago, sen dereito a indemnización de ningún tipo aos concursantes premiados.  
As fotografías non premiadas poderán recollerse nas oficinas do Departamento de Deportes a partir do 1 de xullo.
7. Os temas sobre os que deben tratar as fotografías serán deportivos e relacionados con calquera faceta ou práctica deportiva, non necesariamente competitiva, quedando expresamente excluídas aquelas de carácter lúdico ou recreativo que, a xuízo do xurado, non encaixen na cualificación de "deportivo".
8. Os premios, que poderán ser declarados desertos, serán os seguintes:
  - 1º premio: 1000 Euros + diploma.**
  - 2º premio: 700 Euros + diploma.**
  - 3º premio: 400 Euros + diploma.**

A maiores, o xurado cualificador poderá valorar o outorgamento de dous Accesits entre as fotografías presentadas.

9. O xurado non poderá outorgar máis dun premio ao mesmo concursante.